

AUTORA

Begoña Oro

ILUSTRADOR

Dani Montero

TEMAS

Natureza. Animais. Amizade.
Imaxinación e creatividade.
Traballo en equipo


COMPETENCIAS

Sociais e cívicas.
Aprender a aprender.
Sentido de iniciativa e
espírito emprendedor

RELACIÓN CON
OUTRAS ÁREAS

Ciencias da Natureza

N.º DE PÁXINAS: 56



A despensa máxica

A árbore dos soños

POR QUE LER ESTE LIBRO

Porque narra a historia dunha banda de amigos que comparten as súas ilustracións e o amor pola natureza e os animais. Porque invita aos nenos a soñar e pode abrir os ollos daqueles que descoñecen o gran poder da imaxinación.

RESUMO DO ARGUMENTO

O esquío Rasi non atopa un dos froitos que soterrou o outono pasado no patio do colexio no que vive. Os rapaces da banda do esquío máis Elisa, a encargada do mantemento, axudaranlle a buscalo. Xuntos descubren que a abelá xerminou ata converterse nunha pequena abeleira. Esa mesma noite, todos soñarán cos froitos que lles gustaría recoller dunha semente máxica.

PARA QUEN É ESTE LIBRO

Para todo tipo de lectores, especialmente os que destaquen pola súa creatividade e o seu amor polos animais. Para rapaces que gustan de vivir aventuras cos seus amigos e explorar os segredos da natureza. Tamén para aqueles que gozan debuxando, xa que poderán fomentar a súa imaxinación completando a última ilustración do libro cun debuxo da súa propia árbore dos soños.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

INDIVIDUAL

Ao comezo do relato descríbese a todos os membros da banda agás a aquel que dá nome ao grupo. Propón aos teus alumnos que fagan unha pequena **presentación** do esquío Rasi. Recórdalles que debe reflectir como é e que lle gusta facer.

INDIVIDUAL

Invita aos teus alumnos a observar as **ilustracións** das páxinas 42 e 43 e escribir nunha folla qué soñou cada membro da banda do esquío. aconséllalles que sigan este esquema: *Nora / Aitor / Irene / Ismael soñou cunha árbore chea de... porque...*

PARELLAS

Le en voz alta o fragmento da páxina 26, no que Irene se lamenta do difícil que resulta atopar algo cando non se sabe o que se busca. A continuación, divide aos teus alumnos en parellas e pídelles que, en quendas, pensen nun **elemento da natureza** (*folla, pedra, flor, árbore, montaña, río, lago, ferverza*, etc.) e que o describan ao seu compañeiro a modo de adiviñanza.

GRUPO

Explica en clase que o título do libro, *A despensa máxica*, é unha metáfora que fai referencia á natureza. Despois, animálles a inventar **metáforas** de obxectos presentes na aula. Para axudalos, podes comezar proponendo algúns exemplos para que entre todos adiviñen de que obxecto se trata: *os ollos da clase (as ventás), o dedo pintor (o lápis), a torre de aventuras (a librería), os brazos friorentos (a percha), a parede intelixente (o taboleiro)*, etc.

CIENCIAS DA NATUREZA

Pide aos teus alumnos que sigan o exemplo do esquío e planten unha semente en clase. Explicálles os coidados que precisa a planta para crecer sa (*regala con regularidade, mantela preto dos raios do sol*, etc.). Cando chegue o momento, animámoos a trasplantala no patio da escola.

TALLER DE ESCRITURA

Le en voz alta a presentación dos membros da banda do esquío (páxs. 6 e 7). Deseguido, propón aos teus alumnos que describan brevemente a dous amigos enlazando as súas **descricións** a través dunha característica que teñan en común. Logo, aqueles que o desexen poden compartir o que escribiron cos seus compañeiros.